

# **ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA**

## **PLAN DE ACCIÓN TITORIAL**

## **INDICE:**

### **1. INTRODUCCIÓN**

### **2. OBXECTIVOS**

#### **2.1 Obxectivos xerais**

#### **2.2 Obxectivos específicos**

#### **2.3 Actividades e intervencións**

### **3 CRONOGRAMA**

### **4 PROGRAMA MENTORING**

#### **4.1 Introducción**

#### **4.2 Obxectivos**

#### **4.3 Intervencións**

#### **4.4 Recoñecementos**

#### **4.5 Solicitud**

#### **4.6 Proceso selectivo**

#### **4.7 Aceptación e renuncia**

### **5 ANEXOS**

## 1.- INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña foi deseñado, de acordo coas directrices marcadas pola Universidade da Coruña e as do Espazo Europeo de Ensino Superior, coa pretensión de facilitar a integración e implicación do estudiantado de novo ingreso e o seguimento ao longo da súa permanencia no Centro.

A acción titorial pretende acompañar ao estudiantado no seu proceso de desenvolvemento académico e persoal dende o seu ingreso na universidade, favorecendo o coñecemento, análise e reflexión das súas opcións para a posterior toma de decisións na súa traxectoria académica.

O PAT fundaméntase nas necesidades que presenta o estudiantado e concrétase nas accións dirixidas á satisfacción de ditas necesidades e inquietudes.

As principais dificultades e necesidades que ten o estudiantado de novo ingreso son:

- descoñecemento da Universidade como institución
- Problemas académicos
- descoñecemento do plan de estudos
- Escaso dominio de estratexias para a aprendizaxe
- descoñecemento das saídas profesionais
- Problemas a nivel social e persoal.

Esta problemática faise mais evidente en estudantes con situacións persoais e educativas especiais (estudiantado a tempo parcial, con actividade laboral, persoas con diversidade funcional....).

Apoiar ao estudiantado para afrontar estas dificultades xustifica as actuacións previstas no PAT desta Escola.

## 2.- OBXECTIVOS

### 2.1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Facilitar o proceso de integración do estudiantado de novo ingreso.
2. Apoiar, favorecer e mellorar o seu proceso de aprendizaxe.
3. Orientar na traxectoria curricular dentro da titulación e no mundo laboral.

### 2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Facilitar o proceso de integración do estudiantado de novo ingreso
  - Apoiar a integración do alumnado de novo ingreso na Escola
  - Facilitar información sobre a institución e a Universidade.
  - Instar á participación nos órganos de representación do Centro.
  - Orientar sobre os servizos que oferta a Universidade
2. Apoiar, favorecer e mellorar o proceso de aprendizaxe do estudiantado.
  - Detectar as trabas que se lle presentan no estudo.
  - Orientar no proceso de aprendizaxe.
3. Orientar ao estudiantado na súa traxectoria curricular dentro da titulación e no mundo laboral.
  - Asesorar na construción do currículo académico.
  - Orientar e servir de apoio no paso do mundo académico ao laboral.

### 2.3. ACTIVIDADES E INTERVENCIÓNS.

Para a consecución dos obxectivos, planifícanse e organízanse dous grupos de actividades.

A. Actividades e intervencións dirixidas a grandes grupos:

- Actividades de orientación organizadas e planificadas cada curso académico pola Escola (programa de acollida, programas de intercambio, xornadas de saídas profesionais).
- Actividades organizadas e planificadas segundo as necesidades detectadas ou demanda das/os estudantes.

B. Actividades e intervencións individuais ou en pequenos grupos:

- Titorías grupais, planificadas ou a demanda.
- Titorías individuais planificadas ou a demanda.

### 3. CRONOGRAMA

As actividades realízanse co seguinte cronograma:

1º. Programa de acollida ao inicio do curso.

- Información xeral sobre a titulación e presentación do curso académico (Director/a e Secretaria/o académica).
- Información xeral sobre o Centro e a Universidade (Director/a).
- Presentación do PAT (Coordinador/a).
- Presentación do Sistema de Garantía de Calidade (Profesor/a responsable de calidade do centro).
- Presentación Programas mobilidade e intercambio (Coordinador/a).
- Presentación e información xeral sobre a biblioteca e planificación dos cursos de formación (Director/a e/ou persoal da biblioteca).

2º. Mes de setembro ou outubro

- Confirmación do profesorado titor (Coordinador/a).
- Planificación xeral do PAT para o curso académico (Coordinador/a, titores/as e dirección)
- Asignación de estudantes aos titores/as (Coordinador/a)
- Información xeral sobre o plan de estudos para o estudantado de novo ingreso (Responsable de titulación)
- Presentación do PAT. Comunicación da asignación de titor/a ao estudantado de novo ingreso. (Coordinador/a).

3º. Durante o primeiro cuadrimestre

Profesor/a titor/a. Programación de titorías (individuais e grupais) para:

- Presentar o funcionamento e obxectivos das titorías.
- Informar sobre métodos e ferramentas que faciliten a aprendizaxe.
- Detectar as deficiencias/ necesidades do estudantado.

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

4º. Durante o segundo cuadrimestre

Profesor/a titor/a. Programación de titorías (individuais e grupais) para:

- Detectar as deficiencias/ necesidades do estudiantado.
- Orientar sobre materias optativas.

Dirección:

- Organización das Xornadas de Saídas Profesionais para o estudiantado do último curso

5º. Final segundo cuadrimestre

- Informe/ memoria do profesorado titor do PAT do curso.
- Valoración de resultados e propostas de mellora (titores/as e coordinador/a).
- Elaboración do informe/ memoria do PAT do curso (Coordinador/a).

## 4. PROGRAMA MENTORING OU ALUMNADO MENTOR

### 4.1 INTRODUCIÓN

O Programa Mentoring forma parte do Plan de Acción Titorial (PAT). Preséntase como un complemento a actividade do titor/a para o estudiantado de primeiro curso. Consiste en por a disposición destes estudantes un mentor/a (estudante de cursos superiores do título) que, de xeito voluntario e por razón da experiencia, apoia e facilita a integración no entorno universitario.

### 4.2 OBXECTIVOS

- Apoiar a integración do alumnado de novo ingreso na Escola.
- Facilitar información básica sobre apoios e acceso a recursos para a integración no centro.

### 4.3 OBRIGAS E INTERVENCIÓNS DO ALUMNADO MENTOR

Obrigas:

- Manter a confidencialidade dos datos facilitados que poidan conter información persoal e/ou sensible.
- Asistir as reunións de coordinación do PAT

Intervencións grupais:

- Participar nas Xornadas de Acollda do alumnado de primeiro curso
- Informar sobre:
  - Funcionamento da Escola.
  - Recursos da UDC e Campus virtual.
  - Cursos de formación da UDC.
  - Posibilidade de actividades culturais e de práctica deportiva no contexto universitario.
  - Obtención de tarxetas (UDC, bus..)

Intervencións individuais

- Titorías individuais planificadas ou a demanda dos estudantes.

#### **4.4 RECOÑECEMENTO**

- Certificado de participación expedido polo Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE).
- 1,5 créditos de libre configuración por cada semestre no que se desenvolvan funcións de titorización.

#### **4.5 SOLICITUDE DE ESTUDANTE MENTOR/A**

- Solicitud segundo modelo (Anexo I) que se enviará por enderezo electrónico da UDC ao coordinador/a no prazo asignado.

#### **4.6 PROCESO DE SELECCIÓN**

- Orde de inscrición
- As/os estudantes que non fosen seleccionadas pasarán a formar parte dunha lista de espera á que se recorrerá no caso de existiren baixas.

#### **4.7 ACEPTACIÓN E/OU RENUNCIA**

- O estudantado seleccionado disporá dun prazo de 5 días para aceptar ou renunciar (Anexo II e III).
- O alumnado mentor poderá renunciar en calquera momento con comunicación previa.



## ANEXO I. SOLICITUDE PARA PARTICIPAR COMO ALUMNO/A MENTOR/A

Apelidos

Nome

DNI

Domicilio

Teléfono móbil

**Explica brevemente por que queres ser mentor/a e por que pensas que podes ser un bo mentor/a.**

Coordinador/a do PAT Escola Universitaria de Enfermaría

## ANEXO II. ACEPTACIÓN DO POSTO DE ALUMNO/A MENTOR/A

Apelidos

Nome

DNI

Domicilio

Teléfono móbil

Acepto o posto de estudante/ou mentor/ou e acepto cumprir coas obrigas que figuran no documento informativo

A Coruña, de do

(Firma)

Coordinador/a do PAT Escola Universitaria de Enfermaría

### ANEXO III. RENUNCIA AO POSTO DE ALUMNO/A MENTOR/A

Apelidos

Nome

DNI

Domicilio

Teléfono móbil

**Renuncio ao posto de mentor/a por os seguintes motivos**

A Coruña, de do

(Firma)

Coordinador/a del PAT Escola Universitaria de Enfermaría